



ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLE/2018/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de setembro de 2018
Duración	Desde as 20:05 ata as 22:10 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SI
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SI
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SI
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SI
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SI
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SI
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SI
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SI
35285485N	JOSE E. SOTELO VILLAR	SI
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SI
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SI
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SI



Concello de Cangas

78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SI
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SI
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SI
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SI
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SI
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SI
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SI
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SI
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SI

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas da sesións anteriores realizadas en datas 26.06.2018 e 27.07.2018

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Intervencións:

Sr. Soliño Costas: di que na acta do 26.06.2018, no punto de rogos e preguntas, na intervención onde pon Soliño Costas debe dicir Soliño Soliño.

Sr. Alcalde: quere facer constar que él non tiña constancia de ningún proxecto desa unidade de actuación.

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar as actas das sesións anteriores realizada en datas 26 de xuño e 27 de xullo de 2018.

Expediente 4631/2018. Moción Concellería servizos sociais, igualdade e sanidade sobre falta de médico no Consultorio do Hío

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.09.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción da concellería de Servizos Sociais, Igualdade e

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Sanidade, do día 5.09.2018, relativa á falta de médico no Consultorio do Hío, que é como segue:

“Vista a solicitude no Rexistro no Concello de Cangas, documento adxunto, polos colectivos veciñais da Parroquia do Hío, na que solicita aprobación dunha moción por parte do Pleno do Concello de Cangas ao respecto da falta de médico no Consultorio do Hío.

Dado que a presentación de mocións ao Pleno teñen que ser presentadas por representantes da Corporación e por petición expresa dos colectivos veciñais da Parroquia do Hío a Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade asume esta proposta e a presenta como tal e como se recolle no documento adxunto.

ACORDA:

- 1- Amosar o noso rexentamento a situación actual de falta de profesionais sanitarios no consultorio do Hío.*
- 2- Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade e ao SERGAS para que de maneira inmediata se repoña a falta de médico no consultorio do Hío.*
- 3- Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade e ao SERGAS para que en previsións futuras teñan en conta esta demanda e non volva ocorrer esta situación de falta de profesionais.”*

DELIBERACIÓNS:

O Partido Popular presenta emenda que di:

“Punto único: O pleno da corporación de Cangas insta ao Sergas a que adopte as medidas necesarias para que non se repita a situación de falta de persoal sanitario no consultorio do Hío.”

Sr. Sotelo Villar: expón a emenda á moción.

Sr. Gestido Porto: di que votará a moción.

Sr. Iglesias Santos: sinala que a situación é inaceptable e que hai que dirixirse á consellería urxentemente.

Sra. Giráldez Santos: reitera o apoio á moción.

Sr. Abalo Costa: expón que é lamentable que no Parlamento galego non se decatán.

Sr. Sotelo Villar: sinala que teñen representación como para decatarse e que entende que un consultorio pechado no mes de setembro non ten lóxica e que se trasladou a queixa oportuna.

Sr. Hermelo Álvarez: sinala que manterá a moción presentada por eles.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a Proposta presentada.



Mobilidade

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 1, En contra: 11, Abstencións: 9, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.09.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PS de G-PSOE do día 18.09.2018, relativa á Ordenanza de Mobilidade, que é como segue:

“O bo tempo, sobre todo en verán, fai que cada días sexan máis as bicicletas que circulan polas nosas rúas urbanas e interurbanas, e ante tal incremento e proliferación cómpre aclarar certas cuestións ao respecto:

1ª) A circulacións de bicicletas, monopatíns, patíns e aparatos similares, zigzaguenado a toda velocidade polas beirarrúas e paseos urbanos pon en serio perigo a integridade física e mesmo a vida dos peóns.

E o mesmo ocorre cos usuarios das terrazas dos bares, cafeterías e restaurantes.

Mais este non é un problemas que atinxa unicamente aos veciños da vila de Cangas, senón que se da tamén nos demais núcleos urbáns das parroquias do noso Término Municipal.

2ª) Tanto o monociclo como a bicicleta considéranse vehículos, de acordo co Anexo II do Rd 2822/1998, de 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, pero non son vehículos a motor, nin sequera as que incorporan un motor de asistencia ao pedaleo con potencia non superior a 0,5 kw. como axuda ao esforzo muscular do condutor (SAP Pontevedra, Sec. 1ª, 310/2014, de 25 de setembro). E tampouco son considerados vehículos a motor as minimotos movidas por baterías ou dispositivos eléctricos análogos.

Deste xeito, segundo a normativa europea vixente ata o día de hoxe, Directiva 2009/103/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 16 de setembro de 2009, relativa ao Seguro da Responsabilidade Civil que Resulta da Circulación de Vehículos Automóbiles, así como ao Control da Obriga de Asegurar esta Responsabilidade, os seguros obrigatorios só poden ser requiridos aos vehículos a motor, circunstancia que deixa ás bicicletas á marxe desta esixencia (AP Madrid, Sec. 4ª, 193/2011, de 31 de marzo).

Malia iso non impide que deban someterse ás normas de circulación, de feito, ao longo do Real decreto lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, realízanse varias mencións á circulación de bicicletas, entre as que cabe destacar as seguintes:

- Art. 12: Prohibición de circular baixo os efectos do alcohol.

- Art. 15.2: Permítese a circulación en posición paralela.

-Art. 18: Prohibición de circular por autoestradas e autovías, aínda que está permitida a utilización do arcén.

-Art. 20.2: Permitirase ós condutores de bicicletas circular en grupo, extremando nesta ocasión a



atención a fin de evitar alcances entre eles.

-Art. 23.5: Establécese a prioridade de paso das bicicletas nos seguintes supostos:

- a) Cando circulen por un carril bici, paso para ciclistas ou arcén debidamente autorizado para uso exclusivo de condutores de bicicletas.*
- b) Cando para entrar noutra vía o vehículo a motor xire a dereita ou esquerda, nos supostos permitidos, existindo un ciclista nas súas proximidades.*
- c) Cando os condutores de bicicleta circulen en grupo, serán considerados como unha única unidade móbil ós efectos de prioridade de paso. Na circulación urbana se estará ó disposto pola ordenanza municipal correspondente.*

-Art.42.3: Obrigación de que a bicicleta estea dotada de elementos reflectores homologados. Ademais, cando sexa obrigatorio o uso de alumeado, os condutores de bicicletas levarán colocada algunha prenda reflectante se circulan por vía interurbana.

-Art. 45: Prohibición de abrir as portas do vehículo sen cerciorarse de que non hai un ciclista cerca ao que se poida entorpecer o paso.

-Art. 47.1: Cinto, casco e restantes elementos de seguridade (en vigor dende maio de 2014): os ocupantes de bicicletas e ciclos en xeral estarán obrigados a utilizar o casco de protección nas vías urbanas, interurbanas e travesías, nos supostos e coas condicións que regulamentariamente se determinen, sendo obrigatorio o seu uso polos menores de 16 anos, e tamén por quen circule en vías interurbanas.

3ª) A efectos da responsabilidade civil, será determinante se se seguiron estas normas, polo que será altamente recomendable, se se é usuario habitual destes tipos de vehículos, dispoñer dun seguro por e para o uso de bicicletas ou monociclos, ou se se é usuario ocasional ampliar o seguro do fogar a dita cobertura, se non se dispón da mesma.

Recentemente, incluso a Dirección Xeral de Tráfico vense mostrando completamente favorable á creación dun seguro obrigatorio para as bicicletas, posto que o incremento do tráfico das mesmas conleva un aumento de sinistros, que, nalgúns casos, poderían involucrar á Administración Local como responsable civil subsidiaria por non poñer a dilixencia necesaria para regular a súa circulación polos urbáns e/ou polos espazos prohibidos.

Así mesmo, o art. 121 do Rd 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do Texto Articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Rdl 339/1990, de marzo (vixente ata o 1 de outubro de 2015), dispón: “Artigo 121. Circulación por zonas peonais. Excepcións.(...)4. Os que utilicen monopatíns, patíns o aparatos similares non poderán circular pola calzada, salvo que se trate de zonas, vías ou partes destas que lles estean especialmente destinadas, e só poderán circular a paso de persoa polas beirarrúas ou polas rúas residenciais debidamente sinalizadas co sinal regulado no artigo 159, sen que en ningún caso se permita que sexan arrastrados por outros vehículos.

5. A circulación de toda clase de vehículos en ningún caso deberá efectuarse polas beirarrúas e demais zonas peonís”.

Toda esta problemática que rodea o uso de bicicletas, monociclos, monopatíns, patíns, skates e aparatos similares debe ser abordada con toda a profundidade que merece e ser incluída nunha



ordenanza municipal, pero a proliferación destes aparatos na temporada de verán nas nosas rúas, beirarrúas e paseos urbáns obriga a tomar medidas con certa urxencia co fin de regular o súa presenza cando pon en perigo a vida dos peóns.

Con data de 3 de novembro de 2016, a DIRECCIÓN XERAL DE TRÁFICO asinou a INSTRUCCIÓN 16/V-124 (achégase copia co texto desta Moción) mediante a que se procede á catalogación técnica e xurídica dos definidos como vehículos de mobilidade persoal (VMP), entre os que se topan a maioría dos descritos anteriormente, e que achega un ANEXO I no que se describen os distintos modelos e as súas características.

Por todo o anterior, ao abeiro do disposto nos arts. 55 a 59 TRRL e 41.13 ROF, en relación con previsto nos arts- 21.1.e) e 124.4.g) LRBRL, Alfredo Iglesias Santos, Concelleiro-portavoz do partido socialista de Galicia – PSOE no Concello de Cangas, presenta esta moción para que sexa sometida á consideración e aceptación polo Pleno Municipal adoptando o seguinte Acordo:

“O Pleno da Corporación do Concello insta ao Goberno Municipal de Cangas para que propoña a redacción dunha Ordenanza Municipal que regule en todo o termo municipal a circulación de bicicletas, monociclos, triciclos, patíns, patinetes, skates, minimotos e demais vehículos de mobilidade persoal (VMP) ou artiluxios similares, impedindo a súa circulación por rúas, beirarrúas e paseos poñendo en perigo a integridade física ou a vida das persoas e, así mesmo, facendo cumprir coas disposicións previstas no Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Rdl 339/1990, de 2 de marzo, e demais normativas procedentes (asemade a Instrución 16/V-124), tanto de rango orgánico como autonómico ou local.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: Expón a moción presentada.

Gestido Porto: expón que será preciso valorar a necesidade da devandita ordenanza en Cangas.

Sr. Soliño Costas: expón que debe existir unha convivencia entre os peóns e os usuarios deses vehículos.

Sra. Rial Pardo: considera que o importante é a existencia de campañas informativas.

Sr. Iglesias Santos: expón que se se poñen bandos na rúa para a retirada de carteis, considera máis necesaria a regulación deste tipo de tráfico mediante ordenanza.

Sr. Alcalde: di que eses carteis estaban en situación de ilegalidade.

Sra. Vizoso Marcos: indica que todos os medios de transporte non son equiparables e que posiblemente o problema sexa de carácter educativo.

Sr. Iglesias Santos: expón que as bicicletas e medios de transporte similares constitúen un risco.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 1 do concelleiro do PsdeG-PSOE

Votos en contra: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Abstencións: 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de "CANGAS DECIDE")



Concello de Cangas

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Incidencias:

Cando son as 20:30 horas abandona o Salón de Sesiós o concelleiro Sr. Iglesias Santos.

Expediente 4635/2018. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre solución de camiño de Punta Couso

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 11, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.09.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 13.07.2018, relativa a solución do camiño de Punta Couso, que é como segue:

“Ante os sucesos acontecidos recentemente dun incendio na "zona de exclusión de Punta Couso" e ante a parálise do Goberno de Cangas para dar unha solución inminente a este problema, traemos devolta esta proposta.

O acceso a Punta Couso é un problema que ven de lonxe, onde se priva da liberdade, uso e titularidade dun camiño que debería de ser público, xa que existe e máis que evidente a súa necesidade e interese público de dito acceso.

É unha vergoña, que unha parte do territorio e costa do Concello de Cangas, non poida ser visitado polos veciños, prívase do acceso os mariñeiros para o seu traballo ou impide o mantemento do faro pola seguridade no mar.

O ano pasado, viu o Pleno de Cangas, e non era a primeira vez, unha moción que solicitaba, que este camiño sexa de acceso público. Pasou un ano, pasan os anos, e continúa o problema do acceso a Punta Couso e dende o Concello de Cangas non se lle está dando solución.

Por estes motivos, propoñemos o Pleno da Corporación Municipal de Cangas a seguinte proposta de ACORDO:

1) Que de maneira inmediata ou no menor tempo posible, se inicie un expediente de expropiación do acceso a Punta Couso, para que este pase a ser de titularidade municipal, para o seu uso público.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Soliño Costas: Expón a moción presentada.

Sr. Abalo Costa: indica que a intención do equipo de goberno é recuperar ese camiño a través do inventario de bens.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Sr. Gestido Porto: expón que presentou esta mesma moción fai un ano.

Sr. Hermelo Álvarez: sinala que a expropiación non é o método máis rápido e que hai vías alternativas.

Sr. Soliño Costas: expón que cada día que pasa é un día perdido e que a única opción é a expropiación para adquirir a titularidade.

Sr. Abalo Costa: di que non é unha ocorrencia inventariar nin hai que esperar a un novo Goberno, cando eles xa estiveron no poder e non fixeron nada e que estea inventariado levarase a cabo dentro das prestacións do PXOU.

Sr. Gestido Porto: di que quedan sete ou oito plenos para rematar a lexislatura e que non se adoptou ningunha decisión.

Sr. Soliño Costas: expón que a forma de proceder de xeito rápido e eficaz é a expropiación e que o proceso de inventario non resulta eficaz e sería dilatorio.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de "CANGAS DECIDE")

Votos en contra: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 4642/2018. Moción do concelleiro de Alternativa Canguesa de Esquerdas en defensa da calidade e independencia da comunicación audiovisual

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 8, Abstencións: 1, Ausentes: 1

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.09.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal ACE, do día 05.09.2018, relativa á defensa da calidade e independencia da comunicación audiovisual que é como segue:

“A Corporación Radio e Televisión de Galicia está a vivir, baixo os gobernos do PP, un proceso de desmantelamento do servizo público e manipulación informativa.

Dende a aprobación polo Parlamento de Galicia da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, o seu incumprimento foi sistemático, especialmente naqueles aspectos que afondarían na independencia e calidade dos medios públicos.

En primeiro lugar, ao non desenvolver dita lei, permanece no seu cargo, dende 2009, o Director Xeral nomeado polo PP, cando debería ter sido elixido por unha ampla maioría de 2/3 no Parlamento.



O persoal da CRTVG ten denunciado control e manipulación por parte do Goberno galego, amparado no feito de que non se desenvolve a obriga legal de crear un Consello de Informativos que vele pola obxectividade (artigo 36 da Lei 9/2011). Exemplo flagrante desta situación de manipulación foi a cobertura sobre a vaga de lumes de outono de 2017.

Todo este proceso prodúcese nun contexto de conflitividade laboral e redución do persoal fixo, así como a aposta pola externalización da produción, reducindo a mínimos a produción propia, con infrautilización de medios propios, e apostando pola chamada “produción propia externalizada”.

Asemade, reduciuse o orzamento da dobraxe, un elemento tan importante para a normalización lingüística, provocando unha caída do emprego no sector da dobraxe en Galicia, que é o de máis calidade do Estado.

A respecto da lingua, o Comité Intercentros da CRTVG alerta dun “progresivo dismantelamento da promoción do galego por parte da Corporación, que se manifesta na carencia de programación divulgativa específica, e nun departamento lingüístico tan esganado que dificilmente pode asumir a supervisión da produción externa que chega ao centro emisor, ao tempo que ofrece soporte ao persoal propio”. Isto é gravísimo, nun medio que ten entre as súas obrigas fundamentais a contribución á normalización lingüística.

O control governamental sobre os medios públicos manifestouse cruamente este ano co anuncio da nova programación que comeza este mes de setembro de 2018, apostando a Dirección da CRTVG pola desaparición do Diario Cultural, tal e como estaba concibido, e pola supresión das desconexións territoriais, o espazo das informacións de proximidade. Deste xeito, os contidos locais pasarán a estar controlados e seleccionados dende San Marcos, cun aumento do control informativo en vésperas das municipais.

Neste escenario produciuse a dimisión dos dous presentadores do TX Serán, Tati Moyano e Alfonso Hermida, por razóns profesionais e discrepancia coa liña informativa, e a CRTVG abriu un expediente informativo á citada presentadora por, segundo a Dirección, “posible incumprimento” da norma que impide usar medios da Corporación para actos alleos, logo da participación da citada traballadora nunha gala benéfica da Asociación Española contra o cancro, na que Beatriz Moyano reivindicou as mobilizacións do persoal en defensa do carácter de servizo público da CRTVG.

Sendo os medios públicos de comunicación plurais e independentes un elemento central das sociedades democráticas, esta Corporación municipal non pode permanecer allea á situación da CRTVG.

Por todo o anteriormente exposto, a Alternativa Canguesa de Esquerdas propón ao Pleno do Concello de Cangas aprobar, se procede, os seguintes puntos:

- 1. Trasladar o apoio ás mobilizacións do persoal da CRTVG en defensa duns medios de comunicación públicos de calidade e independentes.*
- 2. Trasladar á Xunta, ao Parlamento de Galicia e á CRTVG a necesidade de que se renove canto antes a Dirección da CRTVG e se cree o Consello de Informativos, tal e como dispón a Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.*
- 3. Instar á Xunta, ao Parlamento de Galicia e á CRTVG a inmediata paralización da instrumentalización do medio público como un mero órgano de propaganda política por parte do*



Goberno do Partido Popular que atenta contra a liberdade de información pública.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Abalo Costa: expón a moción presentada.

Sr. Gestido Porto: sinala que cre na independencia de radios e TV.

Sr. Sotelo Villar: expón que os datos sinalan que a TVG incrementou a produción propia de series, incrementou a programación cultural, incrementou o investimento en dobraxe e que xustificar o triunfo de Núñez Feijoo como consecuencia da manipulación é insultar ao electorado.

Sra. Giráldez Santos: expón que son os tribunais e a precariedade laboral a que pon de manifesto esta manipulación e que o Sr. Gestido Porto ten unha fe extraordinaria.

Sra. Vizoso Marcos: sinala que os propios traballadores son os que denuncian a situación e que se debe fomentar a proximidade cos cidadáns e unha programación cultural máis importante.

Sr. Gestido Porto: sinala que cre na independencia da TVG, como tamén cre na independencia de TV3.

Sr. Abalo Costa: sinala que esta moción ven co aval dos traballadores.

Sr. Sotelo Villar: di que estaban fóra de lugar determinadas acusacións vertidas e que cos datos na man non existe precariedade laboral e que a independencia existente no ente supera a do bipartito.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Votos en contra: 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP

Abstencións: 1 de "CANGAS DECIDE"

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 4638/2018. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre colaboración con SOGAPS

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.09.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 29.08.2018, relativa á colaboración con SOGAPS que é como segue:

“O pasado 21.07.2018 , un medio de comunicación titulaba unha nova ‘O Morrazo vuelve a ser saharai’. ‘El Concello de Moaña realiza una recepción a los 11 niños de la comarca que disfrutan del programa Vacacións en Paz. El carácter más solidarlo de O Morrazo pudo verse ayer con



motivo de la recepción que el Concello de Moaña realizou a los niños que participan en el programa Vacacións en Paz, Impulsado por Solidariedade Galega co Pobo Saharai .Un total de once menores disfrutarán del verano con familias de acogida de la comarca (6 de ellas en el municipio moañés, cuatro en Bueu y uno en Marín)'.En tódolos Concellos excepto en Cangas que unha vez mais non participa, e descoñecemos os motivos, aínda estamos esperando pola resposta as nosas preguntas. Iso si o Concelleiro da área di nun medio de comunicación 'que se comprometen a habilitar para el próximo año fondos para las vacaciones de niños saharauis'.A desculpa é que "'el PP dejó el programa antes del cambio de gobierno'. Cando nós chegamos ao goberno ese programa xa non se estaba facendo' e mesmo se atreve a afirmar que o bipartito está volcado en amortizar débeda e atender outras prioridades'. Non fala do desmesurado aumento de ingresos polo catastrazo que antes tanto criticaron e que agora parece ser que é correcto, por certo o único que fixeron foi incrementar en 3 anos 2 M. de € o gasto corrente. Se tiveran vontade con un pouco que controlaran os gastos das Festas, era suficiente para colaborar con este programa como se fixo en momentos críticos para a economía municipal. A cantidade non supera os 6.000€. Isto ven a dicir que si existira vontade política se podía facer como se fixo durante moitos anos. Cangas pode e debe ser tan solidario como calquera Concello do Morrazo. A estas alturas non vamos a descubrir a filosofía deste programa, que propicia unha estancia fora dun clima de guerra ós nen@s, e menos os vínculos de unión entre Galicia e o Sahara.

Como a data de hoxe non temos coñecemento de que desde o actual Goberno Municipal de Cangas, a pesar das críticas feitas desde este Grupo Municipal se fixera ningunha xestión para retomar esta colaboración, (seguimos esperando pola contestación ás nosas preguntas) efectuamos a seguinte Proposta de acordo :

O Pleno do Concello de Cangas insta ao Goberno Municipal (sexa cal sexa no 2019) a retomar a colaboración con SOGAPS (Solidariedade Galega co Pobo Saharai) para que familias de Cangas sexan familias de acollida de participantes no programa Vacacións en Paz 2019 .

DELIBERACIÓNS:

Sra. Hermelo Piñeiro: expón a moción presentada.

Sr. Hermelo Álvarez: sinala o seu apoio á moción e que buscarán acadar esta colaboración.

Sra. Hermelo Piñeiro: expón que a interrupción desta colaboración non veu dada por os gobernos de Cangas, senón por outras motivacións.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 4630/2018. Moción da Concellería de servizos sociais, igualdade e sanidade sobre necesidades sanitarias de Atención Primaria en Cangas-Moaña

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 1

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.09.2018.



Así mesmo a Presidencia dá conta da moción da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, do día 03.09.2018, relativa ás necesidades sanitarias de Atención Primaria en Cangas-Moaña que é como segue:

“Vista a solicitude presentado o 24 de agosto de 2018 no Rexistro do Concello de Cangas pola Asociación A Voz da Sanidade de Cangas e asinada por outras 7 asociacións e colectivos do noso concello, na que solicita aprobación dunha moción por parte do Pleno do Concello de Cangas.

Dado que a presentación de mocións ao pleno teñen que ser presentadas por representantes da corporación e por petición expresa da Asociación A Voz da Sanidade de Cangas a Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade asume esta proposta e a presenta tal e como se recolle no documento adxunto.

Dado que a exposición de motivos está recollida no documento adxunto, Solicito ao Pleno do Concello de Cangas o seguinte:

- 1. Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade a integración do Concello de Bueu no CIS de A Rúa.*
- 2. Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade que retire do Estudio de Necesidades Sanitarias de Atención Primaria Cangas-Moaña a proposta de traslado do actual Centro de Saúde de Cangas ao CIS da Rúa.”*

DELIBERACIÓNS:

Sr. Hermelo Álvarez: expón a moción presentada.

Sr. Sotelo Villar: sinala que sería mellor que se achegase a un principio de acordo na redacción da moción e que xa no mes de febreiro aprobouse unha moción por unanimidade para tratar a situación sanitaria de Moaña, Cangas e Bueu. Sinala que o PP presentou alternativas e que o propio anteproxecto-borrador do PXOU, recolle a situación na Rúa como zona verde.

Finalmente sinala que o centro non se vai pechar senón que a idea dun centro integrado e compartir recursos humanos e medios materiais.

Sr. Abalo Costa: expón que ACE retirou a súa moción para non crear opacidade coas plataformas sanitarias, pero que defenderá a súa moción, xa que quedan cuestións por determinar: Cal é o convenio que se asina? Necesidades do centro?... O que esta claro en todo caso e que a estudo de Gesmédica non e correcto.

Sr. Hermelo Álvarez: di que non se entende o traslado do centro de saúde, xa que o CIS non integra moitos dos problemas derivados do centro e non se nos deu voz no estudo de Gesmédica, xa que o estudo ven determinado polo Sergas.

Sr. Gestido Porto: expón que votará a favor, xa que e importante manter o centro de saúde.

Sr. Sotelo Villar : sinala que os datos aportados polo Sr. Abalo Costa non son os correctos e que o estudo recolle a duplicidade e integración de determinados servizos e polo tanto se está a perder unha gran ocasión de abordar dun xeito definitivo o problema e anuncia a presentación dunha solicitude de pleno extraordinario para tratar o tema.



Sr. Alcalde: sinala que este é un tema a dialogar como sinala o PP, e que a Asemblea da Mancomunidade non se convocou por solidariedade con outros concellos e se está en disposición de convocala.

Sr. Hermelo Álvarez: di que os únicos que non queren falar é o Sergas e solicita ao PP que realice as xestións necesarias para facer unha xuntanza.

Sr. Sotelo Villar: expón que o que determinados profesionais lle trasladaron é a redución de persoal e que esta situación nun pobo como Cangas é difícil e que a concellería xa presentou diversos escritos e non se contestaron.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 12 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN e 1 de "CANGAS DECIDE")

Abstencións: 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 4644/2018. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre tarxeta PassVigo

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.09.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal do Partido Popular, presentada o día 06.08.2018, relativa á tarxeta PassVigo, que é como segue:

“Mentres algunhas formacións políticas divagaron e polo que parece o seguen a facer, o PP de Cangas sempre tivo claro que a A.M. era necesaria pero non a calquera prezo.

De forma reiterada pedimos explicacións ao Sr. Alcalde de Cangas sobre a súa actitude de seguimento co alcalde de Vigo e non defensa dos intereses dos cangueses/as. Hoxe mesmo nun medio de comunicación se nos acusa de facerlle a ola á Xunta. Seguramente esta afirmación débese ao remordemento de conciencia pola súa nefasta actuación e nula xestión neste e noutros temas. O único que nos pode acusar o Sr. Pazos é que grazas á nosa implicación os cidadáns de Cangas poden desfrutar dunha parte dos beneficios que a TMG ten e dos que o resto dos galegos xa levaban anos desfrutando. A outra parte non poden beneficiarse por culpa do Sr. Caballero coa complicidade entre outros do Sr. Pazos e resto do Goberno Municipal de Cangas.

Por iso sorprendenos o cambio de actitude do BNG de Cangas, e mais en concreto a súa Concelleira de Mobilidade que sempre votaron (ao igual que o resto dos Concelleiros do Goberno) en contra das iniciativas do PP de Cangas en defensa dos intereses dos nosos veciños/as, pero alegrémonos por esta iniciativa, nunca é tarde. Estamos totalmente de acordo en que non se pode permitir discriminación por razón do seu domicilio na tramitación e uso da tarxeta PassVigo tal e como a Lei di e a Xustiza ditaminou .

Por todo iso, efectuamos as seguintes Propostas de Acordo :



1- O Pleno do Concello de Cangas insta á Alcaldía de Vigo a que elimine a discriminación tanto na tramitación como no uso da Tarxeta PassVigo para os cidadáns non residentes no Concello de Vigo.

2- O Pleno do Concello de Cangas insta a FEGAMP e a FEMP a que esixan ao Concello de Vigo a que cumpra coa Resolución do Xulgado Contencioso Administrativo de Vigo N^o 1 onde se anulaba o requisito de empadramento para obter a PassVigo.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Graña Graña: expón a moción presentada.

Sra. Rial Pardo: sinala que non só é culpa do Alcalde de Vigo, senón tamén da Xunta e que apoiarán a moción.

Sr. Alcalde: expón que foi o propio alcalde de Redondela o que se levantou da Asemblea e que está de acordo en que se eliminen as discriminación na súa tramitación e uso, e que os insultos non son exclusivos dun só bando e o propio sería que os cidadáns non se enfrontasen entre eles.

Sr. Graña Graña: sinala que no Concello de Vigo só se coñece a Abel Caballero, que os insultos atópanse localizados en grupos extremistas e reitera a discriminación para os cidadáns

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada.

Expediente 4640/2018. Moción do grupo municipal de Cangas Decide sobre desenvolvemento da Unidade de actuación n^o 27

Non hai acordo **Motivo:** ampliar documentación

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.09.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal Cangas Decide, do día 24.08.2018, relativa á comparecencia do Sr. Alcalde para dar explicacións sobre o desenvolvemento da Unidade de actuación n.º 27, que é como segue:

“O desenvolvemento da Unidade de Actuación Número 27 de Massó dentro do PXOUM é un dos temas urbanísticos máis importantes do noso Concello.

As recentes declaracións feitas polos portavoces dos diferentes partidos políticos que forman parte do actual goberno de Cangas, onde afirman descoñecer, a existencia dun borrador/anteproxecto desta Unidade 27, a inexistencia de conversacións sobre o mesmo, sumado á casualidade de que o arquitecto responsable da modificación puntual, recentemente presentada para trasladar un supermercado, coincidan co responsable técnico da redacción deste borrador/anteproxecto, fan sospeitar que alguén non di toda a verdade,

E polo que presentamos para seu debate no Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:



Concello de Cangas

1. *Que o Alcalde do noso Concello, compareza nun Pleno para dalas explicacións necesarias, confirmando a existencia ou non de conversas cos responsables da redacción.”*

DELIBERACIÓNS:

O **Sr. Gestido Porto:** expón que descoñece os motivos de por que se trasladou a súa moción ao derradeiro lugar.

O **Sr. Alcalde:** di que non hai motivo ningún, simplemente cuestións técnicas e de práctica que descoñecía o Secretario.

O **Sr. Gestido Porto:** expón a moción.

O **Sr. Alcalde:** sinala que non tivo conversa ningunha con arquitecto ou promotor sobre Massó e descoñece calquera proxecto ao respecto.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de resolucións da Alcaldía de data 23 de xullo ao 24 de setembro de 2018

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Sr. Soliño Costas: pregunta pola legalidade de determinados rebrincos sitios en diferentes lugares da Vila que provocan ruidos e vibracións para a veciñanza, rogando que se quiten os mesmos.

O **Sr. Alcalde:** expón que determinados rebrincos están colocados en lugares erróneos e que se procederá á súa correcta colocación sen prexuízo do correspondente escrito que poidan presentar os veciños.

Sr. Soliño Costas: roga que no tocante á Unidade de Actuación 27 o Partido Popular sempre pediu un proxecto consensuado e roga que se convoque a Xunta de Portavoces para acadar este obxectivo.

Sr. Graña Graña: roga que se apreme á Deputación a que realice os pagos vencellados ao comedor social.

O **Sr. Alcalde:** sinala que o fará.

Sr. Graña Graña: pregunta se hai unha tarxeta Vip na festa de Darbo.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

O **Sr. Alcalde**: sinala que non.

Sra. Hermelo Piñeiro: pregunta por unha factura por importe de 10.000 euros da empresa Galivalia.

O **Alcalde**: sinala que é da empresa destinada a elaborar a RPT.

Sr. Millán Blanco: expón que non aparece a relación de reparos.

O **Sr. Secretario**: sinala que non lle foi facilitada polo departamento de Intervención.

Sr. Gestido Porto: sinala que e preciso mellorar a luminaria das pistas de atletismo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850